



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

O Parlamento de Galicia, por unanimidade, acorda:

1.- Condenar o brutal atentado que custou a vida ao policía nacional D. Eduardo Antonio Puelles García, asasinado vilmente pola banda terrorista ETA en Arrigorriaga o pasado venres, 19 de xuño.

2.- Amosar o noso cariño, cercanía e condolencia aos seus familiares e amigos. Tamén a nosa solidariedade aos seus compañeiros e ao conxunto das Forzas de Seguridade do Estado e da Ertzainza.

3.- O Parlamento de Galicia fai votos para que esta sexa a derredeira declaración institucional que haxa que aprobar por mor do terrorismo etarra.

Parlamento de Galicia, 23 de xuño de 2009